



*Pórtico  
do Paraíso*

*XV Festival Internacional de Música*

XV  
ANIVERSARIO

**TRADUCCIÓN**

Beatriz Varandas / Conchi da Silva

**CORRECCIÓN TEXTOS**

Beatriz Varandas

**TEXTOS SALAS**

Antonia García

**DESEÑO E MAQUETACIÓN**

Miguel Chaler Publicidad

**IMPRESIÓN**

Imprenta da Deputación Provincial

**DEPÓSITO LEGAL**

OU ??-???

*Pórtico  
do Paraíso*  
*XV Festival Internacional de Música*

**XV**  
ANIVERSARIO

**do 29 de abril ao 8 de maio de 2022**

## Juan Enrique Miguéns • Director artístico do Festival Pórtico do Paraíso

O Festival chega á súa décimo quinta edición nuns tempos convulsos. Por iso, reconforta unha achega tan diferente á que fixemos ata agora, como a que propoñemos co prestixioso grupo **Americantiga Ensemble** e a súa “*versión eborense*” do Requiem de W. A. Mozart, que se acaba de descubrir na catedral de Évora e inédita en España, alternando coa lectura de textos poéticos dos místicos españois a cargo da cofundadora e coordinadora do Festival, a poeta Conchi da Silva. Cando proxectamos este concerto o pasado verán, decidimos dedicalo ás vítimas da pandemia. Agora facémolo extensible tamén ás vítimas da guerra de Ucraína. Ademais, tamén na cidade, recibiremos a mundialmente admirada guitarrista **Kyuhee Park** facendo música española, que vén de romper o vello tabú de que os orientais non son capaces de interpretar “con propiedade” esta música.

Xa na Ribeira Sacra, o Festival estréase en dous novos mosteiros. Primeiro en Santa Cristina de Ribas de Sil cunha lenda viva da música antiga e das arpas históricas, **Andrew Lawrence-King**, facendo un programa de música inglesa creado para a ocasión. A clausura será no mosteiro de Santa María de Montederramo onde o premiado pianista **Raúl da Costa** interpretará Shumann na primeira parte e o concerto nº 9 para piano e orquestra de W. A. Mozart na outra, acompañado pola Orquestra Clásica do Conservatorio de Ourense integrada por novos estudantes. Este ano quixemos darlle protagonismo ao centro no seu sesenta e cinco aniversario, programando a súa orquestra e levando tanto a **Kyuhee Park** como a **Raúl da Costa** a impartir cadanseu curso de interpretación, dentro da nosa habitual contribución pedagóxica.

Abrimos e pechamos con Mozart de protagonista, da madurez do seu Réquiem a unha das mellores obras de mocidade interpretada por músicos novos tamén, coa esperanza de que o seu entusiasmo nos achegue a un futuro cando menos máis amable.

## A utilidade do útil

Cada época histórica ten sempre algo en común coa anterior. Nalgún momento de cada xeración, a cultura vese irremediabilmente ameazada pola cerrazón, a cegueira, as autocracias ou o utilitarismo máis miope. Laos similares se poden atopar en escritos do Renacemento, do Romanticismo ou na Europa da primeira metade do século XX. Vellas e destrutivas pantasma que xa levan anos voando, de novo, entre nós.

Destácao Nuccio Ordine no seu imprescindible ensaio *A utilidade do inútil*, recuperando aquel discurso de Victor Hugo ante a Asemblea Constituínte de 1848. Nunha crise é dobremente necesario investir na cultura para evitar o naufraxio ético porque, segundo apunta o escritor francés, “non é suficiente iluminar as cidades, pois tamén se pode facer noite no mundo moral”. Palabras que apelan directamente aos servidores públicos. Porque a cultura, en cada unha das súas vertentes, alimenta a esperanza e modela a mulleres e homes, servindo de medicina contra os totalitarismos.

É unha excelente nova comprobar que o Pórtico do Paraíso chega a súa décimo quinta edición. Non foi un camiño sinxelo. En realidade, non o ten sido para ninguén e menos para os programadores culturais. Son tempos de pandemia, de crises económicas e humanitarias. E precisamente por iso, dende as administracións temos que honrar a Victor Hugo na nosa acción de goberno. Na Deputación de Ourense, dende logo, témolo moi claro.

Nestas liñas só podo garantir o máis que firme compromiso co tecido sociocultural ourensán e felicitar os organizadores do Pórtico do Paraíso pola súa inmejorable alianza co público e a crítica. E, por suposto, invitar os ourensáns de toda a provincia a encher as citas programadas entre o 29 de abril e o 8 de maio, como xa o fixeron nos 79 concertos anteriores deste magnífico festival, que xa dende o seu propio nome entronca coa identidade cultural da provincia de Ourense.





JOAQUÍN REBOLLEDO



con alma

JOAQUÍN REBOLLEDO

# JOAQUÍN REBOLLEDO

[www.joaquinrebollo.com](http://www.joaquinrebollo.com)

San Roque 11 A Rúa Ourense Galicia España  
Tlfn. 988 372 307 Fax. 988 371 427



JOAQUÍN REBOLLEDO  
LABRER VINO  
MENCÍA



Conxunto vocal  
e instrumental **(Portugal)**

## **AMERICANTIGA ENSEMBLE**

[ Venres, 29 de abril, 20:30h ]

[ Igrexa de Santiago  
das Caldas (Ourense) ]




Arpas antigas  
**(Guernsey-Estonia)**

## **ANDREW LAWRENCE-KING**

[ Domingo, 1 de maio, 19:00h ]

[ Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil  
(Parada de Sil, Ourense) ]



Guitarra **(Corea do Sur)**

## **KYUHEE PARK**

[ Venres, 6 de maio, 20:30h ]

[ Liceo de Ourense ]



Piano **(Portugal)**

## **RAÚL DA COSTA**

Coa colaboración da **Orquestra Clásica do  
Conservatorio de Ourense** dirixida por Raquel Carrera

[ Domingo, 8 de maio, 19:00h ]

[ Mosteiro de Santa María (Montederramo,  
Ourense) ]

# AMERICANTIGA ENSEMBLE

Conxunto vocal e instrumental (Portugal) • Venres, 29 de abril, 20:30h • Igrexa de Santiago das Caldas (Ourense)

**dirección**

Ricardo Bernardes

**soprano**

Mariana Castello-Branco

**contratenor**

Arthur Filemon

**tenor**

Marcio Soares Holanda

**baixo**

Hugo Oliveira

**violoncello barroco**

Pedro Massarão

**fagot barroco**

Nathaniel Harrison

**fagot barroco**

Joana Almeida

**contrabaixo**

Mildred Martin

**órgano**

Sérgio Silva

**lectura textos**

Conchi da Silva



# AMERICANTIGA ANTIGA

Ricardo Bernardes, director

O Americantiga Ensemble foi fundado en 1995 polo seu director Ricardo Bernardes. Ten a súa sede en Lisboa e é un conxunto especializado en música portuguesa, brasileira, hispano-americana e italiana dos séculos XVII a principios do XIX. Con distintas formacións e enfoques interpretativos, o seu traballo procura a execución historicamente informada e co uso de instrumentos de época.

Nos últimos anos, ten realizado concertos en Portugal, España, Italia, USA, Brasil, Paraguay, Argentina e Bolivia. Moitos deses concertos foron organizados por embaixadas e consulados brasileiros, así como polo Consulado Geral de Portugal en São Paulo, co obxectivo de difundir esta importante e pouco coñecida produción musical. En 2011 realizou un concerto na basílica da Estrela (Lisboa) para celebrar os 15 anos da Comunidade dos Países de Língua Portuguesa. A agrupación conta con varias participacións nas Temporadas de Música en san Roque en Lisboa, alén de varios concertos importantes no ciclo Memórias e Caminhos de Mateus – Aldeias com Vida e en distintos festivais do país luso, entre os que destaca a súa continua colaboración cos Encontros Internacionais de Música da Casa de Mateus (Vila Real, Portugal). A súa discografía conta con seis CD e un DVD, todos dedicados ao repertorio portugués e brasileiro do século XVIII.

O concerto desta noite céntrase en obras do compositor italiano de orixe española Davide Perez, que traballou na corte de Lisboa na segunda metade do século XVIII, e nunha versión de cámara do Réquiem de Wolfgang Amadeus Mozart, atopada na catedral de Évora (Portugal) como parte dunha colección de manuscritos inéditos.

Este programa, cos mesmos intérpretes e textos similares, xa foi realizado en dúas ocasións na cidade de Lisboa: en novembro de 2020 na igrexa de san Roque - retransmitido en directo pola RTP (Rádio e Televisão de Portugal) e Antena2 Portugal - e no Festival de Música e Poesía Trotamundos, o 17 de xullo de 2021.

# PROGRAMA

(70 min)

*Nada te turbe,*  
Santa Teresa de Ávila (1515 - 1582)

**Davide Perez** (1711 - 1778)  
*Subvenite sancti Dei*  
*Trio en sol menor*

*Coplas a la muerte de su padre (I, II, III e V),*  
Jorge Manrique (1440 - 1479)

**Wolfgang Amadeus Mozart** (1756 - 1791)  
*Requiem aeternam*

**Parte I (22 min)**  
Introitus - Kyrie - Sequentia

**O pechamento**  
*Ese lento fluir de los espejos,* Conchi da Silva (1966)

**Parte II (7 min)**  
Ofertorio - Hostias

**A dor**  
*Negra sombra,* Rosalía de Castro (1837 - 1885)

**Parte III (7 min)**  
Sanctus - Benedictus

**O encontro da alma con Deus**  
*Noche oscura,* San Juan de la Cruz (1542 - 1591)

**Parte IV (7 min)**  
Agnus Dei - Cum sanctis



## Igrexa de Santiago das Caldas

As Caldas foi un dos asentamentos que, na época romana, prosperaron no contorno do poboado de agricultores que daquela era a cidade de Ourense.

Consta a existencia dunha capela mozárabe chamada Santa Catarina de Reza Vella, na Alta Idade Media, e tense coñecemento da formación, cara aos séculos XI-XII, dunha parroquia da que aparecerán datos ata o ano 1639.

A parroquia das Caldas tiña un templo románico do século XVI que, xunto coa reitoral, atopábase moi preto do actual cemiterio das Caldas, nas ribeiras do Miño. Aínda que se reformaron no século XVII pronto quedaron pequenos para atender as necesidades da poboación e xa, a finais do século XIX, estaban en estado ruinoso.

No ano 1905, o bispo Eustaquio Llundain y Esteban encárgalle a José María Basterra, arquitecto da diocese de Bilbao, a construción do novo templo parroquial. O 30 de xullo de 1910 colócase a primeira pedra na Avenida das Caldas.

O edificio levantouse segundo o gusto historicista da época. O gótico e a súa lixeireza e luminosidade foi o seu modelo. Os elementos estruturais básicos son o arco apuntado, a bóveda de cruceira e os arcobotantes, que lle dan a esta igrexa a imaxe característica exterior.

A fachada presenta unha soa torre central, típico esquema das igrexas construídas por Basterra.

En 1919 encárgase a Maximino Magariños, imaxineiro relixioso compostelán, o retablo. Ten estrutura de portada gótica con policromía dourada na que todo é filigrana oxival e adáptase perfectamente ao estilo do templo. Os relevos das rúas laterais representan escenas da vida do patrón da igrexa: Santiago Apóstolo. Na parte baixa, un Crucifixo do Cristo do Perdón; no piso superior, unha escultura de gran tamaño en madeira do Apóstolo.



 **ELIGIO**  
 **RODRIGUEZ**  
 **JOYEROS ORENSE**

Santo Domingo, 41



**HISTÓRICO** Nestes anos de festival, pasaron por Ourense grandes intérpretes. Na seguinte relación non están todos, pero é unha boa mostra do que levamos feito dende os nosos inicios, alá polo 2008.

#### **Solistas vocais**

Raquel Andueza  
Marco Beasley  
Robin Blaze  
Emma Kirkby  
Pino de Vittorio

#### **Solistas instrumentais**

Alison Balsom, trompeta  
Céline Frisch, clavecín  
Andrew Lawrence King, arpa  
Alexander Melnikov, piano  
Carlos Núñez, gaita  
Paul O'Dette, laúde  
José Manuel Alvarez, violín  
Antonio Serrano, harmónica  
Hopkinson Smith, guitarra barroca

Pieter Wispelwey, cello  
Andrew York, guitarra  
Mika Vayrinen, acordeón

#### **Solistas vocais e instrumentais**

Brigitte Lesne  
Arianna Savall

#### **Conxuntos vocais**

Amarcord  
Apollo 5  
Diabolus in musica  
Discantus  
Les Eléments  
Odhecaton  
Orlando Consort  
Tallis Scholars

#### **Conxuntos instrumentais**

Calefax Reed Quintet  
Katona Twins Guitar Duo  
Spanish Brass Luur Metals  
Vienna Clarinet Connection

#### **Conxuntos vocais e instrumentais**

Accademia del Piacere  
Alla Francesca  
Capilla Flamenca  
Ensemble Jacques Moderne  
Florilegium  
His Majestys Sagbutts and Cornetts  
La Reverdie  
Resonet  
The Harp Consort

A black and white photograph of a man with glasses and shoulder-length hair, smiling slightly. He is positioned in front of a large harp, with the instrument's frame and strings visible on the right side of the frame. The background is a blurred, light-colored wall.

# ANDREW LAWRENCE-KING

Triple arpa barroca (Guernsey-Estónia) • Domingo, 1 de maio, 19:00h  
Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil (Parada de Sil, Ourense)

# ANDREW LAWRENCE-KING

arpas

Andrew Lawrence-King é un dos intérpretes de música antiga máis respectado do mundo. Dirixiu óperas barrocas, oratorios e música de cámara en lugares míticos como La Scala de Milán, Opera House de Sidney, Casals Hall de Toquio, as filharmónicas de Viena, Berlín e Moscova, Konzerthaus de Viena, o Palacio de Bellas Artes de Ciudad de México e o Carnegie Hall de Nova York. En 2011 gañou o Grammy á mellor interpretación de música de cámara xunto a Jordi Savall.

En 1994 fundou The Harp Consort, grupo co que percorreu o mundo e co que tamén foi galardoado en numerosas ocasións.

En 1988 entrou en Hesperion XX de Jordi Savall e foi nomeado catedrático de arpa e continuo na Akademie für Alte Musik de Bremen e na Escola Superior de Música de Catalunya. Tamén foi profesor na Sibelius Academy de Helsinqui e na Historical Harp Society de Irlanda.

Deu clases e realizou cursos na Schola Cantorum Basileensis, ESMUC Barcelona, Akademie für Alte Musik de Bremen, a Sibelius Academy & Metropolia de Helsinqui e nas universidades de Oxford, Cambridge, Yale, Sidney, Melbourne e Perth.

É doutor honoris causa pola University of Sheffield, catedrático de arpa antiga na Guildhall School of Music de Londres e profesor de arpa e continuo na Royal Danish Academy of Music de Copenhague. É, ademais, director convidado de Concerto Copenhagen e L'Homme Armé de Florencia.

# PROGRAMA

(60 min)

## Music for a while

### Fantasías e danzas inglesas do século XVII

“Music for a while shall all your cares beguile...”

**Thomas Tomkins**  
(1572-1656)

*A Sad Pavan for these  
Distracted Times* (1649)

**John Dowland**  
(1563-1626)

*A Fancy  
My Lady Hunsdon's Puffe*

**John Dowland**

*Lacrime Pavan* (1605)

Galliards:

- *Mr Nicholas Griffiths*
- *My thoughts are winged  
with hopes*
- *The Battle*
- *The Earl of Essex (Can she  
excuse)*

**William Lawes** (1602-1645)

*Pavan for the Harp Consort after* John Coprario

**Jean le Felle** (1629-1642)

*The Queen's Masque (The Temple of Love* 1635)

**John Coprario** (1570-1626)

*Cupararee or Gray's Inn (The Lordes Maske* 1613)

**Henry Purcell** (1659-1695)

*Symphony (The Bell Anthem)  
Music for a while (Oedipus* 1692)  
*Fairest Isle (King Arthur* 1691)

**Henry Purcell**

*A New Ground (Welcome to all the Pleasures* 1683)  
*Passacaille (Dido & Aeneas* 1689)  
*Round-O (Abdelazer* 1695)





## Santa Cristina de Ribas de Sil

No ano 962, aparece a primeira referencia certa a un mosteiro chamado santa Cristina á beira do río Sil. Ao mesmo tempo que medra o seu poder e influencia, grazas a doazóns e privilexios reais, aumentan as disputas coa nobreza local polo dominio territorial.

Para finais do século XV, estas constantes loitas de poder, unidas á escaseza de monxes, arrastran o mosteiro a unha importante crise que facilitará a anexión a santo Estevo a principios do XVI. A súa nova condición como priorado e o estado ruinoso do edificio medieval impulsaron obras de renovación e mellora das estancias ao redor do claustro.

A igrexa, construída entre os séculos XII e XIII, presenta planta de cruz latina dunha soa nave que remata nun cabeceiro con tres ábsidas. A pesar de que a parte do testeiro é románica, a verticalidade da nave cos seus arcos apuntados anuncia xa o Gótico. A cuberta é de madeira e as pinturas das ábsidas, que imitan retablos, son do século XVI. A fachada presenta no corpo inferior unha sobria porta con tripla arquivolta e tímpano liso e, na parte alta, un amplo rosetón calado rodeado por dúas filas de palmetas. No penúltimo tramo da nave, érguese a torre ameada das campás cun notable carácter defensivo. O peculiar chapitel en forma de pirámide que a remata foi engadido no século XVI durante as obras de acondicionamento do conxunto. Do resto do edificio conventual, sobreviven a porta románica de acceso ao mosteiro e dúas ás do claustro con arcos sobre base corrida.

Santa Cristina convértese, despois da adhesión a santo Estevo, nun mero administrador e, a pesar das necesarias reformas levadas a cabo, pouco a pouco a vida monástica empeza a se resentir. Coa desamortización de 1835, o mosteiro de santa Cristina pasará a mans privadas e será empregado para usos agrícolas. O conxunto, moi degradado despois de anos de abandono, é recuperado pola Xunta de Galicia, e as obras rematan no ano 2019. Dende entón, o concello de Parada do Sil xestiona as visitas e as actividades.



Dr. Karina Caeiro Parracía  
ortodoncia e implantóloga

Dra. Beatriz Pintos Pérez  
endodoncista-odontopediatra

# Clínica dental Parracía

Implantes


Ortodoncia autoligable

Alineadores invisibles

Endodoncias

Odontología general

Niños



Búscanos en la web

[www.parracia.es](http://www.parracia.es)

Nº de Registro Sanitario: C-32-000640



# *Musical González*

*dende 1978*



# CURSOS

Conservatorio Profesional de Música de Ourense

O Festival, en colaboración co CMUS, programa este ano de xeito excepcional dous cursos de interpretación con dous dos solistas que participan nesta XV edición.

## OBXECTIVOS

Afondar nos aspectos básicos da interpretación instrumental aplicada ao repertorio.

Formar unha imaxe musical e estética aplicada a interpretación.

Coñecer as distintas convencións interpretativas e os estilos segundo as diferentes épocas e autores.

Aprender a estudar sistematicamente e adquirir unha formación técnica-mecánica para abordar o estudo das obras.

## DATAS

Curso de guitarra con **Kyuhee Park**, os días 4 e 5 de maio

Curso de piano con **Raúl da Costa**, os días 4, 5 e 6 de maio

Toda a información en [info@porticodoparaiso.com](mailto:info@porticodoparaiso.com)

# KYUHEE PARK

Guitarra (Corea do Sur)  
Venres, 6 de maio, 20:30h  
Liceo de Ourense



# KYUHEE PARK

Kyuhee Park naceu en Corea do Sur en 1985. Empezou a tocar a guitarra aos 3 anos e aos 9 gañou o seu primeiro concurso nacional. Tras terminar o estudos no Tokyo College of Music (Xapón), graduouse coas máis altas cualificacións na University of Music and Performing Arts de Viena e conseguiu alzarse co Master in Classical Guitar Performance, concedido pola Universidad de Alicante. Os seus mestres foron Yeu-seuk Rhee, Shin-ichi Fukuda, Kiyoshi Shomura e Alvaro Pierri.

Kyuhee gañou numerosos premios en concursos de guitarra do seu país e do continente europeo, como os de Heinsberg en 2007 e Coblenza en 2008 (Alemaña), o Printemps de la Guitare en 2008 (Bélxica) –facendo historia dobremente no festival por ser a primeira vez que o gañaba unha persoa asiática e a primeira vez tamén que unha muller conseguía a vitoria–, o segundo premio no concurso Michele Pittaluga en 2009 (Italia) e o primeiro premio nos concursos Luys Milan (2009), Agustín Barrios (2010) e Alhambra (2012), todos eles en España.

As súas gravacións para as discográficas FONTEC, NIPPON COLUMBIA e NAXOS recibiron excelentes críticas e foron un éxito de vendas, feito que a converteu nunha intérprete admirada e seguida no ámbito da guitarra clásica mundial na actualidade.

Na actualidade, Kyuhee mantén unha actividade concertística estable repartida entre Corea, Xapón e Europa.

# PROGRAMA

(60 min)

## Parte I

### **Sonatas K.32, K.178 e K.391**

Domenico Scarlatti  
(1685-1757)

### **Variacións Op. 9 sobre un tema de “A fruta máxica” de W. A. Mozart**

Fernando Sor  
(1778-1839)

### **Valses poéticos**

Enrique Granados  
(1867-1916)

## Parte II

### **Gran Jota**

Francisco Tárrega  
(1852-1909)

### **Capricho Catalán Córdoba • Sevilla**

Isaac Albéniz  
(1860-1909)

### **Un sueño en la floresta**

Agustín Barrios  
(1885-1944)





## Pazo dos Oca Sarmiento – Liceo de Ourense

No século XVI a cidade de Ourense comeza a desenvolverse. O cabido e o corrixidor patrocinan a construción de edificios administrativos que se engaden ás novas edificacións residenciais da xerarquía eclesiástica e familias importantes. Estas novas casas-pazo érguense nas proximidades da catedral, principalmente ao norte da vila. Os Oca Sarmiento aséntanse en Ourense a finais do século XV e constrúen, entre o 1500 e o 1525, a súa casa na rúa Nova, que era unha das vías polas que a cidade medieval empezaba a se desbordar.

No ano 1863 neste edificio instálase o Liceo Recreo Orensano. Unha nacente sociedade urbana está xurdindo nun Ourense que na primeira metade do século XIX aínda carecía de luz eléctrica. Unha burguesía con inqedanzas promove a creación de asociacións culturais que pretenden impulsar o desenvolvemento urbano e educar a poboación. Neste contexto un grupo de artesáns e profesores funda no ano 1850 o Recreo de Artesanos de Orense. Tras diferentes localizacións, establécense neste inmoible en 1870. Da antiga distribución do pazo pouco queda. En sucesivas ampliacións elimináronse os cuartos, a cocíña, a bodega e todos os elementos propios dunha vivenda do século XVI. Queda da edificación orixinal a fachada de dúas plantas con portada sinxela e catro balcóns que dan á rúa. Tamén se mantén do pazo primitivo o patio renacentista, antigamente sen cubrir, que articula o espazo ao seu arredor e que é o protagonista da construción. Os dous pisos orixinais están separados por unha arquitrabe sostida por columnas poligonais na parte baixa, que no primeiro corpo son de fuste cilíndrico. Os capiteis son xeométricos e, a xeito de decoración, colócanse nos ángulos escudos coas armas da familia e unha pétrea cadea labrada que percorre todo o patio á maneira de friso. Os murais que decoran a planta inferior son do século XIX de gusto folclorista e rexionalista propio da época.

O Liceo foi ata ben entrado o século XX o centro vital do Ourense cultural e social. Ciclos de conferencias, lecturas poéticas, concertos; personaxes da cultura ourensá, galega, española; acontecementos e recordos que contribúen a crear a atmosfera cálida que aínda conserva o inqredo espírito alentador daquela época.



“Este festival debe hacernos sentir orgullosos de la ciudadanía ourensana”.

**La Región**

“Un festival que ha vuelto a contar con una afluencia de público y una excelencia musical en los conciertos realmente sobresalientes”.

**mundoclasico.com**

“Tranquilamente, pero con creciente calidad, Ourense va consolidando su festival internacional de música”.

**Revista Scherzo**

“Un festival que está calando hondo en la ciudad de As Burgas y que ha logrado mejorar el ya alto nivel de ocupación de ediciones anteriores”.

**El País**

“O Festival “Pórtico do Paraíso” coloca a Ourense na rota dos festivais europeus”.

**Diário de Notícias,  
Lisboa**

# RAÚL DA COSTA

Piano (Portugal)

Coa colaboración da Orquestra

Clásica do Conservatorio de Ourense

dirixida por Raquel Carrera

Domingo, 8 de maio, 19:00h

Mosteiro de Santa María

(Montederramo, Ourense)



# RAÚL DA COSTA

piano

Raúl da Costa naceu en Póvoa de Varzim (Portugal) en 1993. Alí comezou os estudos de piano aos sete anos. En 2011 trasladouse a Alemaña para estudar na Hochschule für Musik, Theater und Medien, de Hannover baixo a dirección de Karl-Heinz Kämmerling e Bernd Goetzke.

Premiado en diversos concursos internacionais, recibiu en 2016 o primeiro premio e todos os premios especiais do concurso ZF-Musikpreis (Alemaña). Raúl da Costa recibiu unha bolsa pola Yamaha Musical Foundation of Europe, a Yehudi Menuhin Live Music Now Foundation e a Fundação Calouste Gulbenkian, feito que lle permitiu traballar con mestres do prestixio de Dmitri Bashkirov, Ferenc Rados, Galina Eguizarova, Tatiana Zelikman, Thomas Adès, Boris Berezovsky e Maria João Pires.

Desde moi novo dá recitais e participa en festivais de toda Europa, Estados Unidos e Asia. Aos 12 anos de idade, fixo o seu debut con orquestra na Casa da Música do Porto e, desde aquela, colaborou con Theodore Kuchar, Antonio Pirolli, Joseph Swensen, Stefan Blunier, Martin Andre, Vladimir Lande, Vitaliy Protasov ou Raphaël Oleg. Así mesmo, deu concertos con numerosas orquestras, como a Orquestra Sinfónica do Porto Casa da Música, Orquestra Gulbenkian de Lisboa, Orquestra Filharmónica Janáček (República Checa), a Orquestra Sinfónica do Estado de Siberia (Rusia) ou a Orquestra Sinfónica de Antalya (Turquía).

Cun vasto repertorio que vai de Bach a Zimmerman, a música de cámara sempre ocupou un lugar importante na súa carreira. Nela destacan as colaboracións con Christoph Poppen, Juliane Banse, Bruno Monsiegeon, Valeriy Sokolov ou Matvey Demin. Tamén estreou obras de Luiz Costa, Fernando Lopes-Graça, Eduardo Patriarca ou Amílcar Vasques-Dias.

A súa interpretación do Concerto nº4 de Rachmaninov coa Orquestra Sinfónica do Porto, baixo a dirección de Stephan Blunier, foi editada en CD. Os seus concertos foron retransmitidos en directo por distintas emisoras europeas, como a NDR, a SWR e a Deutschlandfunk, en Alemaña, Radio France (Francia) e Antena 2 (Portugal). Raúl da Costa é, desde o ano 2018, director artístico do Festival Internacional de Música da Póvoa de Varzim (Portugal), tarefa que compaxina coa súa imparabile actividade concertística e cos seus estudos na Hochschule für Musik Hanns Eisler de Berlín.

# Orquestra Clásica do CMUS

A Orquestra Clásica do Conservatorio Profesional de Música de Ourense é unha agrupación formada por uns 50 estudantes de entre 14 e 20 anos das especialidades de corda fretada, vento madeira (óboe) e vento metal (trompa).

A súa actividade desenvólvese ao redor do currículo establecido no Decreto que regula as ensinanzas profesionais e do que forma parte como materia específica das especialidades de corda.

Cun longo percorrido dende a súa creación, é coa súa actual directora, D<sup>a</sup> Raquel Carrera Álvarez, con quen está a acadar un mellor nivel musical. O labor que se está a realizar permite afrontar un repertorio amplo e variado, enmarcado nun proxecto sólido que permite adquirir ao alumnado unha ensinanza musical rigorosa. A estabilidade na dirección da orquestra e o desenvolvemento deste proxecto inclúe, en ocasións, a participación doutros instrumentistas. Así, por unha parte, establécese a conexión interdisciplinaria propia dun conservatorio de estudos profesionais de música e, por outra, o enriquecemento na formación artística.

A súa presenza é habitual na actividade dentro e fóra do centro. Entre as últimas, destacan as actuacións realizadas en Miranda del Ebro (Burgos), Salamanca e León.



# Raquel Carrera

Directora da Orquestra Clásica do CMUS

RAQUEL CARRERA. Comezou os estudos musicais de violín no Conservatorio Profesional de Música Reveriano Soutullo de Pontearreas coas profesoras Ruta Pozniakova e Edita Shulman. Despois, trasladouse ao Conservatorio Superior de Música de Vigo para cursar o grao superior con Manuel Martínez Álvarez-Nava, que finalizou con matrícula de honra.

Realizou múltiples cursos de interpretación e práctica orquestral e foi bolseira nos cursos internacionais universitarios de Música en Compostela, de especialización para a interpretación de música española. Como saxofonista, é membro da Banda de Música Reveriano Soutullo.

Traballou coa Orquesta de Cámara Reveriano Soutullo, a Orquesta Sinfónica del Sur de Galicia, a Ensemble Vigo 430, a Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia e a Joven Orquesta Nacional de España (JONDE). Na actualidade, traballa coa Orquesta Clásica de Vigo. Actuou como solista en diversas ocasións con varias destas orquestras baixo as batutas de James Ross, Manuel Martínez Álvarez-Nava, Joan Company, Alejandro Garrido, Gloria Isabel Ramos e Kristoff Penderecki.

Traballou no CMUS Profesional de Cangas e Vigo. Actualmente, é profesora de violín e orquestra no CMUS Profesional de Ourense.



# PROGRAMMA

(70 min)

## Parte I

### Les Buffons

John Bull (1562-1628)

### Les Sauvages

### Les Tendres Plaintes

J. P. Rameau (1683-1764)

### Kinderszenen Op. 15

Robert Schumann (1810-1856)

### Toccata Op. 7

Robert Schumann

## Parte II

### Concerto para piano n.º 9

en Mi bemol maior

KV 271 "Jeune Homme"

W. A. Mozart (1756-1791)





## Santa María de Montederramo

Da primeira metade do século XII son as doazóns que dan noticia da existencia dun mosteiro beneditino chamado de san Xoán e situado na zona de Seoane. É posible que o cambio de situación tivese lugar no ano 1163, cando aparece xa vinculado ao Císter, agora co nome de Santa María de Montederramo.

O mosteiro de Montederramo non se librou no século XIII da crise do monacato galego: peste, loitas nobiliarias, ruína económica. Grazas á anexión á congregación cisterciense de Valladolid no século XV, o cenobio acometeu importantes renovacións nos edificios e engadiu novas construcións para novos usos. É entón cando vive o momento de maior esplendor que o converte nun dos mosteiros galegos con máis poder. No século XVI edificáronse os claustros procesional e da hospedaxe, e comeza a funcionar como colexio de Artes e Filosofía.

No ano 1598, sobre o primitivo templo tardorrománico, levantouse a actual igrexa de estilo herreriano, obra de Juan de Tolosa. O grandioso e austero edificio de planta de cruz latina ten tres naves cubertas con bóveda de cruzaría que acaban nun testeiro recto. Erguese encima do cruceiro unha cúpula sobre pendentes que remata noutra pequena cúpula. Aos pés da igrexa, sitúase o coro elevado con belo cadeirado de madeira, de principios do século XVII, obra de Alonso Martínez. O conxunto estivo en moi mal estado e boa parte das táboas con representacións bíblicas e da vida cisterciense acabaron perdidas ou desaparecidas.

O altar maior, na capela central, está presidido por un retablo de madeira da segunda metade do século XVII. Obra de Mateo de Prado, presenta catro corpos sostidos con columnas e está composto por altorrelevo con escenas da vida de Xesucristo e a Virxe. Na rúa central, a imaxe case exenta da Asunción dá paso á fermosa coroación de María que aparece flanqueada polos escudos de Montederramo e a orde cisterciense.

A mesma sobriedade revelada no templo móstrase na imponente fachada, de marcado carácter vertical e adornada con frontóns e pilastras. Destaca sobre a porta un nicho coa imaxe en pedra da Virxe, atribuída a Alonso Martínez.

Coa desamortización do século XIX, a igrexa converteuse en parroquial e o conxunto pasou a mans privadas, despois do abandono da vida monacal.

Disfruta con todos tus sentidos

# Emociónate

Somos especialistas en el cuidado de tu salud visual y auditiva

Ourense  
Rúa Papa Juan XXIII,3  
Galería, Local 1



**federópticos**  
Óptica Moderna  
Centro óptico y auditivo

tel. 988 21 08 42

organiza



patrocina



colaboran





apoian



agradecimentos

PARROQUIA  
DE SANTIAGO  
DAS CALDAS



El Liceo de Ourense





**fest**clásica  
FESTIVAL ASOCIADO

INFORMACIÓN  
[info@porticodoparaiso.com](mailto:info@porticodoparaiso.com)  
[www.porticodoparaiso.com](http://www.porticodoparaiso.com)

ORGANIZA  
Asociación Pórtico Musical

PATROCINA  
Deputación de Ourense

COLABORAN  
Concellos de Parada de Sil e Montederramo,  
Clínica dental Parracia, Xacobeo 21-22 e Xunta de Galicia

APOIAN  
Bodegas Joaquín Rebolledo, Hospital COSAGA, Eligio Rodríguez Joyeros,  
Musical González, Federópticos Óptica Moderna, Morales Interiores,  
Governo de Portugal e Direcção Geral das Artes.

DIRECCIÓN ARTÍSTICA  
Juan Enrique Miguéns

COORDINACIÓN E XESTIÓN  
Conchi da Silva

PRESENTACIÓN DOS CONCERTOS  
Rafael Costas  
Alexandre Delgado

ENDEREZO  
Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso  
APDO. 1219 • 32080 OURENSE

# Pórtico do Paraíso

*XV Festival Internacional de Música*

do **29** de **abril** ao **8** de **maio** de **2022**

[www.porticodoparaiso.com](http://www.porticodoparaiso.com)

organiza



patrocina



colaboran

